

## B A N D O

### NORMAS PARA LUMIÑOS DE SAN XOÁN

#### SOLICITUDES

- As persoas, asociacións ou comunidades que desexen realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude no Concello de Muros, antes das 14:00 horas do día 19 de xuño de 2026, cumprimentando o modelo de solicitude. Aquelas persoas que xa a teñan solicitada deberán comprometerse a cumprir a normativa de aplicación.

#### NORMAS PARA A REALIZACIÓN DOS LUMIÑOS

1.- As laradas ou cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.

2.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas polo menos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.

3.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas, ...). Tampouco se poderán queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas

4.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento, os responsables deberán asegurarse de que o lume queda completamente apagado.

5.- Mediante estas normas o Concello pretende garantir a seguridade das persoas, facendo compatible a celebración dunha festa tradicional coa seguridade de todos. En todo caso, o Concello aconsella prudencia.

As autorizacións outorgadas non eximirán en ningún caso das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

Muros, asinado dixitalmente na marxe  
A Alcaldesa